



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OURENSE E CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE, PARA FINANCIAMENTO DE COMEDOR SOCIAL

Ourense, 28 de decembro de 2018

### REUNIDOS

Dunha parte, o Señor alcalde-residente do Concello de Ourense, Don Jesús Vázquez Abad, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Ourense, con D.N.I. nº 36.076.793-M, na representación que ostenta en virtude do seu cargo e asistido polo oficial maior do Concello don Carlos Javier Fernández Fernández que actúa como fedatario no exercicio das funcións de fe pública previstas no artigo 3.2.i) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, Dona María Tabarés Domínguez con D.N.I. nº 34.967.551-F en nome e representación da entidade "Cáritas Diocesana de Ourense", CIF R3200098-F, con enderezo en Praza Bispo Cesáreo s/n en Ourense, representación que acredita mediante documento expedido pola Dirección xeral de cooperación xurídica internacional e relacións coas confesións, do Ministerio de xustiza, con referencia 5.0.1.2., do 10 de setembro de 2015.

### MANIFESTAN

Primeiro.- Que a finalidade do presente convenio é canalizar a favor da entidade beneficiaria "Cáritas Diocesana de Ourense" a subvención que figura no vixente Orzamento municipal do ano 2018, segundo o crédito consignado na partida **150.2318.48011** co seguinte literal: «Convenio con Cáritas comedor social», sendo o importe da dotación de 125.000 (cento vintecinco mil) euros, correspondente ao ano 2018, así como establecer as condicións e compromisos que asume a entidade beneficiaria.

Segundo.- Que en Xunta de Goberno Local Extraordinaria e Urxente de 28 de decembro de 2018, aprobose o desenvolvemento do fin do presente convenio e se faculta ó alcalde-presidente para a súa sinatura.

Terceiro.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 19.4.a) que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 26.1 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. O que resulta de aplicación a entidades locais segundo o disposto no artigo 1 do citado texto legal. Igualmente, neste senso expresase o artigo 22.2.a) de carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas partes acordan firmar o presente convenio, coas seguintes cláusulas:



## I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos aplicables consonte o establecido na normativa vixente, particularmente o artigo 65 do R.D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Ley 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e que desenvolve o artigo básico 22.2.a) da Lei.

Consonte o certificado de retención de crédito do 4 de decembro de 2018, con número de operación 201800050555 e obxecto da subvención nominativa a actividade de "comedor social", polo que no se poderán aplicar os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade. En consecuencia, ambas partes conveñen que a subvención destinarase a financiar as seguintes actividades a desenvolver no exercicio 2018 pola entidade beneficiaria:

- Facilitar o servizo de comida diaria de mediodía nas instalacións do Comedor Social de Cáritas Diocesana de Ourense na rúa Mestre Vide, núm. 2, desta cidade de Ourense.
- Facilitar o servizo de recollida de comida preparada de mediodía e de cea, nas mesmas instalacións.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.

A entidade beneficiaria levará a cabo a actividade programada, segundo se define na cláusula anterior, de acordo co seguinte orzamento de gastos:

Gastos de persoal .....	74.275,63 euros
Gastos de mantemento, actividade.....	187.000,00 euros.
Total gastos .....	261.275,63 euros

## III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTÉÑAN O APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A contía da subvención non poderá exceder do 75% do custo total da actividade de comedor social desenvolvida e debidamente xustificada, cunha **achega máxima, en todo caso, de 125.000 euros**, producíndose a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación dentro do prazo de dous meses dende o final da vixencia do convenio.
2. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á partida orzamentaria **150.2318.48011**.
3. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente executado.



4. Para o caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente executado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

5. No caso de que non se xustifique o total orzamentado procederase a reducir proporcionalmente a subvención otorgada.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1.- A execución total da actividade será realizada por “Cáritas Diocesana Ourense”.

2. O outorgamento dos contratos de servizos ou subministros necesarios para a execución da actividade pola entidade beneficiaria serán por conta dela. No se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### V.- PUBLICIDADE DA FINANCIACIÓN MUNICIPAL.

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a actividade, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, farase constar sempre o financiamento do Concello de Ourense.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### VI.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade beneficiaria está suxeita ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 4 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

#### VII.- A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A xustificación da subvención realizarase coa modalidade de “**conta xustificativa do gasto realizado**”, que será presentada pola entidade beneficiaria , coa seguinte documentación:

• **Instancia** subscrita polo Presidente da entidade dirixida ao Alcalde-Presidente na que se solicite o pagamento da subvención concedida.

• **Memoria de avaliación** da actividade subvencionada, consistente en declaración detallada da actividade e o seu custo, na que se xustifique o cumprimento das condicións impostas neste convenio.

• **Relación numerada correlativamente** de todos e cada un dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade de comedor social, con expresión dá data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento,



data e forma de pagamento, e porcentaxe imputado á xustificación da subvención. A relación estará firmada polo secretario da entidade e co Vº Pr do presidente.

•Presentación de facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado, ordenados **correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada á que se refire o parágrafo anterior.**

Os documentos xustificativos serán **orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas** polo Servizo xestor, de acordo co establecido no artigo 18.2,c) da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Segundo o citado artigo, **os gastos realizados acreditaranse mediante facturas** con todos os elementos sinalados pola normativa aplicable en cada caso. Como mínimo expresarán o nome ou razón social da empresa que facture e o seu NIF, data de emisión, importe, detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo de IVE aplicable e importe total. Para o caso de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá acreditarse o ingreso da retención. **En ningún caso se admitirán billetes de caixa ou simples recibos.**

Para considerar debidamente acreditados os **custos salariais** correspondentes aos gastos de persoal, deberán achegarse copias dos contratos de traballo, nóminas correspondentes firmadas polo seu perceptor e pagadas ou obriga de pagamento bancaria, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social. Deberá xustificarse a retención e ingreso na Axencia Estatal da Administración Tributaria, das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, así como a acreditación de que foi realizada a pertinente retención fiscal e liquidado o seu importe na imposto Axencia Estatal da Administración Tributaria.

•Documentos acreditativos dos pagos aos acredores, mediante documento bancario ou recibín do provedor no propio documento de gasto. En todo caso, para os pagos de contía igual ou superior a 1.000 por acreedor, deberá acreditarse mediante documento bancario.

•Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade de comedor social (fondos propios, subvencións concedidas e outras achegas) con acreditación da súa contía, procedencia e aplicación á actividade de comedor social.

•Acreditación de estar ó día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula IX.



### VIII.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A actividade de comedor social obxecto de financiamento municipal corresponde ao ano 2018.

A entidade beneficiaria queda obrigada a presentar a conta xustificativa da cláusula VII deste Convenio no prazo máximo de dous meses desde o fin da vixencia do convenio. Para o cómputo do prazo estarase ao disposto no artigo 30.4 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta designada pola beneficiaria.

Só se procederá ao libramento da subvención concedida **previa a xustificación polo beneficiario do gasto realizado nos termos e coas formalidades sinalados na cláusula VII deste Convenio** e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense e demais normativa reguladora de subvencións.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.

### IX.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, co Concello de Ourense e coa Seguridade Social. A acreditación do cumprimento desta obrigas farase mediante certificación expedida pola administración competente.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Ourense determinarase de oficio por este.

### X.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pago dos gastos subvencionables de comedor social nos termos da cláusula I do presente Convenio consonte os xustificantes de gasto presentados.

2. **Considéranse gastos subvencionables** aqueles que sendo correctamente xustificadas de conformidade coa cláusula VII, son necesarios e responden de forma indubitativa á natureza da actividade de comedor social definida na cláusula I do Convenio, e estean pagados no prazo de xustificación, en concreto:

- Gastos de alimentación xustificados na actividade de Comedor Social.
- Gastos de funcionamento da actividade de Comedor Social:



- Consumo de luz, auga e gas.
  - Mantemento e reparación das instalacións e equipamentos necesarios para o desenvolvemento da actividade.
  - Seguros de accidentes e responsabilidade civil aplicados á actividade de Comedor Social.
  - Material de oficina.
  - Calquera outro gasto relacionado coa actividade do comedor social dirixido a atender as necesidades de alimentación das persoas usuarias.
  - Gastos do persoal directamente vinculado ao comedor social.
- Os gastos subvencionables cumprirán os seguintes requisitos:
- Que o custo de adquisición non supere o valor de mercado.
  - Que os gastos se devenguen no exercicio 2018 e o documento acreditativo do gasto corresponda a este ano.

3. En ningún caso serán subvencionables os gastos recollidos no apartado 3 do artigo 12 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

4. O Concello de Ourense realizará o seguimento da actividade polo que a entidade beneficiaria facilitará a verificación da realización e xestión do mesmo ao responsable designado polo Concello de Ourense.

#### **XI.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**

Para os efectos do artigo 21 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense o Servizo de benestar social será o servizo competente para a comprobación da aplicación da subvención.

#### **XII.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE OURENSE E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e os artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser elixida pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Ase mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de se lo caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento



contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XIII.- REINTEGRO E PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN.**

Procederá o reintegro da subvención por concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 23 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

O incumprimento das súas obrigas por parte da entidade beneficiaria poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

### **XIV.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeneral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvenciones, coa exclusiva finalidade prevista en este precepto e co debido respecto á protección de los datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Ase mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Ourense remitirá a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do Concello.

### **XV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA E MODIFICACIÓN.**

O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa firma hasta o día 31 de decembro de 2018.

### **XVI.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que aparezan na interpretación das súas cláusulas se aplicarán as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



subvenciones de Galicia. Con carácter supletorio se aplicará a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran aparecer na aplicación do presente convenio lle corresponderá á Xunta de Goberno do Concello de Ourense previos os informes preceptivos.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que podan aparecer como consecuencia do presente convenio.

"E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes firman o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados.

**O Alcalde-Presidente**

Asdo.: Jesús Vázquez Abad



**Cáritas Diocesana de Ourense**

Asdo.: María Tabarés Domínguez

**O Oficial Maior**

Asdo.: Carlos Javier Fernandez Fernandez



**ANEXO I**

D./D<sup>a</sup> María Tabarés Domínguez, con DNI nº 34.967.551F e domicilio en Ourense rúa Praza Bispo Cesareo s/n CP 30225, en calidade de (1) Directora de (2) .Cáritas Diocesana de Ourense con domicilio a efectos de notificación en rúa Praza Bispo Cesareo s/n, CP 32005 localidade Ourense, Tfno.: 988236819. Fax: ....., en calidade de beneficiaria da subvención nominativa do Concello de Ourense para a actividade de comedor social, DECLARA:

1. Que no se encontra incurso/a en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, e para eses efectos cumprimenta o documento que conforma o Anexo II.

2. Que se compromete a comunicar a este Concello calquera modificación das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención.

3. Que para a realización da actividade de Comedor social de Ourense,

(1) \_\_\_ non ha solicitado nin recibido ningunha subvención de outras Administracións Públicas nin de Entidades Públicas ou Privadas.

  x   Ten solicitado e recibido as subvenciones que a continuación se relacionan:

a) Subvenciones de administracións ou entidades públicas:

ENTIDADE Consellería de Política Social-Xunta de Galicia  
CONCEDIDA OU SOLICITADA Concedida  
CANTIDADE 216.822,00 €

ENTIDADE. Consellería de Política Social-Xunta de Galicia  
CONCEDIDA OU SOLICITADA Solicitada  
CANTIDADE 22.010,00 €

b) Subvenciones de entidades privadas:

ENTIDADE.....  
CONCEDIDA OU SOLICITADA .....  
CANTIDADE .....

4. Así mesmo, comprométese, incluso con posterioridade á xustificación dos fondos recibidos, e tan pronto como se coñeza, a comunicar ao Concello de Ourense a obtención doutros ingresos e subvencións para a mesma finalidade.

En Ourense, a ... de ..... de 2018

Firma e selo) Fdo:

(1) Riscar o que proceda.





## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICI3N DE BENEFICIARIO.

D./D<sup>a</sup> Maríá Tabarés Dominguez, con DNI nº 34.967.551F, e domicilio en Praza Bispo Cesareo s/n localidade Ourense Provincia Ourense C3digo Postal 32005, como Directora da Entidade C3rítas Diocesana de Ourense con domicilio en Ourense.

DECLARA que C3rítas Diocesana de Ourense

1.- Non ten sido condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvenci3ns ou axudas p3blicas.

2.- Non ten solicitado a declaraci3n de concurso, ni foi declarado/a insolvente en calquera procedemento, nin se encontra declarado/a en concurso, nin esta suxeito/a a intervenci3n xudicial, nin foi inhabilitado/a conforme á Lei Concursal sin que concluíra o período de inhabilitaci3n fixado na sentenza de cualificaci3n do concurso.

3.- Non deu lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resoluci3n firme de calquera contrato celebrado coa Administraci3n.

4.- Os seus administradores e representantes legais non est3n incursos en alg3n dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Naci3n e dos altos cargos da Administraci3n Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administraci3ns P3blicas, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Org3nica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa auton3mica que regule estas materias.

5.- Non ten pendente o pago de obrigas por reintegro de subvenciones.

6.- Non foi sancionado/a mediante resoluci3n firme coa perda da posibilidade de obter subvenci3ns segundo o previsto na Lei xeral de subvenci3ns ou na Lei xeral tributaria.

7.- Que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, manifestando o seu consentimento expreso para que o Servizo correspondente da Axencia Estatal da Administraci3n Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Administraci3n tributaria da Comunidade Aut3noma, respectivamente, cedan ao Concello de Ourense a informaci3n relativa ao cumprimento de tales obrigas.

En Ourense, a ..... de ..... de 2018

(Firma e selo) Fdo.: .....



### DILIXENCIA DE APROBACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Para que conste que o documento que precede á presente, composto por 9 páxinas, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense. Faise constar que se incorpora ó correspondente expediente electrónico a comunicación asinada por esta Secretaría ó respectivo servizo do acordo tamado.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en Ourense na data de sinatura electrónica.

O/a concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno Local

